

## Estructura industrial. Complexo agroalimentario. Ano 2001

### COMUNICADO

---

## O complexo agroalimentario galego xera unha produción por valor de 7.625 millóns de euros

### Publicadas as macromagnitudes do complexo agroalimentario galego

O complexo agroalimentario xerou no ano 2001 unha produción por valor de 7.625 millóns de euros, dos que un 24% se corresponde con produtos agrícolas e gandeiros, outro 16% da pesca e o 60% restante das industrias de alimentación e bebidas. Ademais desta produción, Galicia importou produtos alimentarios básicos ou transformados por valor de 3.220 millóns de euros, incluíndo como tales os 1.440 millóns procedentes do resto de España.

ORIXE	Millóns EUR	% sobre produción	% sobre total
Sector primario	2.971	40	
Industria agroalimentaria	4.393	60	
Total produción	7.364	100	69
Importacións UE e Resto do Mundo	1.786		17
Importacións do Resto de España	1.437		14
Total orixe	10.586		100

Os produtos da pesca e industria conserveira representan o 35% do valor da produción do complexo, mentres que o valor dos produtos gandeiros (gando, carne e lácteos) acada preto do 39%.

Os custos de distribución xunto co IVE e outros impostos netos sobre os produtos acadaron os 2.007 millóns de euros, elevando os recursos do sector valorados a prezos de adquisición a 12.593 Millóns de euros.

O 39% da produción é exportada o que supón un valor de 4.900 millóns de euros, dos que 3.394 foron destinados ó resto de España. Os produtos da pesca e marisqueo, con 911 millóns de euros, forman o grupo de maior valor no conxunto das exportación.

DESTINO	Millóns EUR	% sobre consumo	% sobre total
Consumo intermedio	3.161	41	
Consumo en hostalería e colectividade	946	12	
Consumo final fogares	3.539	46	
Total consumo	7.646	100	61
Exportacións UE e Resto Mundo	1.507		12
Exportacións Resto de España	3.394		27
Total destino	12.547		100

### A valoración en unidades físicas

Unha novidade do estudo presentado é a valoración en unidades físicas que acompaña á valoración tradicional en unidades monetarias. Recóllese así nunha única publicación unha información ampla que ata agora só podía atoparse dispersa e cunha escasa homoxeneidade.

A valoración en unidades físicas permite, ademais, un contraste directo dos prezos dos diferentes grupos de produtos, tanto en orixe coma nas distintas compoñentes de destino.

Entre os proxectos do Instituto Galego de Estatística figura avanzar nesta liña de investigación sobre a estrutura industrial, dando prioridade a aqueles complexos que teñan unha maior importancia na economía galega.

---

#### Para máis información:

Instituto Galego de Estatística  
Complexo Administrativo San Lázaro s/n  
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)  
Teléfono de información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)  
FAS: 981.54.13.23  
Comunicados en : <http://www.ige.xunta.es>  
e-mail: [ige@xunta.es](mailto:ige@xunta.es)